



A familia Brañas

UNHA PRODUCIÓN DA COVA DAS LETRAS



Sinopse

“EMPRENDER UNHA VIAXE NA PROCURA DUN FUTURO MELLOR”

Con esta premisa FRANKI e LOBIS deciden partir de Lamas e atravesar o perigoso estreito de AUGAS FÉTIDAS. Mais no medio do camiño atópanse coa SANTA COMPAÑA, unha banda de músicas errantes dirixidas e encabezadas pola temible e cruel MORTE, á que se unen pensando que tamén van na procura da boa vida, e... vaia se van! MORTE coa axuda das MOIRAS, intenta sacar tallada da confusión dos dous vivos para facelos “pasar a mellor vida”.

Porén, a pobre MORTE síntese solitaria e abandonada, ninguén a chama para saír cear, ninguén a convida a saír... FRANKI e LOBIS intentarán levantarlle o ánimo e convencela de que vaia con elas.

**Serán quen de conseguilo?
Sairase MORTE coa súa?**

Vén descubrir as peripecias dunha familia moi especial...

FRANKI



LOBIS



AS MOIRAS



MORTE



A SANTA COMPAÑA

A FAMILIA BRAÑAS non estaría completa sen a colaboración das bandas de música, parte fundamental deste proxecto. A COVA DAS LETRAS xa apostou con anterioridade por espectáculos acompañados con bandas de música, tales como ANIMALIA ou A GATA CON ZOCOS, realizado este último con máis de trinta bandas populares e profesionais da Galiza.

HOTEL AUGAS FÉTIDAS



Creditos

MARTIÑO MATO

CRIS COLLAZO

ANXO GARCÍA



COMPOSITOR | MANU PAINO

TÉCNICO LUCES E SON | FIDEL VÁZQUEZ

GUIÓN E DIRECCIÓN | CRIS COLLAZO E A COVA DAS LETRAS

DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO | ANXO GARCÍA E A COVA DAS LETRAS

DESEÑO DO ESPAZO SONORO E COMPOSICIÓNS | MANU PAINO

DESEÑO DE VESTIARIO | LACANALLA

DESEÑO DE ILUMINACIÓN | FIDEL VÁZQUEZ

AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA E DESEÑO GRÁFICO | ILLA BUFARDA





HOTEL AUG

A cova das letras

A COVA DAS LETRAS é unha compañía dezana que nace no 2014 con afán de espallar a cultura teatral e musical no rural. Comezan os traballos de investigación neste eido, onde se desenvolven obradoiros e espectáculos que xa van seguindo unha liña temática: a muller no rural e a revalorización da literatura oral galega.

O primerio espectáculo, O CIRCO DOS CONTOS (2014), é un contacontos baseado nos contos igualitarios que mestura danza e teatro. A partires de aí son diversas as montaxes dende teatro de rúa (TEATRO Á FEIRA, 2019) até comedia musical con banda (A GATA CON ZOCOS 2018), revisión do conto tradicional O GATO CON BOTAS, ou ANIMALIA (2019). A FOTÓGRAFA (2015), PROCÚRASE PEPA A LOBA (2018) MARIÑEIRAS (2016), MARÍA PITA (2019) ou A ALQUIMISTA (2020) son mostra da importancia da visibilización da muller no rural.

Actualmente, mergúllase no proxecto A FAMILIA BRAÑAS (2022), xunto co saxofonista Martiño Mato e Anxo García. Trátase dun musical terrorífico creado para realizarse con Banda de Música, coas composicións musicais de Manuel Paino.

Así mesmo, dada a formación musical das compoñentes da compañía, ofrecen concertos sensorias para bebés: SON NO BERCE (2019). A COVA DAS LETRAS recibe o segundo premio á iniciativa empresarial da Deputación de Pontevedra.

Anxo García, titiriteiro, actor e atrezzista, Manuel Paino, trompetista, compositor e actor e Cristina Collazo, actriz, directora e trompista, forman o elenco orixinal da compañía, mais contan coa presenza de diversos profesionais para as diferentes montaxes.



646383305

CRISTINA.COLLAZO.GOMEZ@GMAIL.COM